O EXÉRCITO ROMANO

Por desgracia, a guerra é un fenómeno inhumanamente humano: a pesar de que dá como resultado a eliminación dos nosos semellantes, o *homo sapiens* recorreu a ela ao longo de toda a súa historia para afirmar a superioridade dun grupo contra outro. No tema que nos ocupa, está claro que na construcción do Imperio Romano o exército tivo un papel fundamental, e pódese asegurar que non ten existido outra máquina de guerra tan eficaz (durante un período de tempo tan extenso) como a romana. Nesta presentación veremos cómo estivo organizado nas diversas fases da Historia de Roma

A MONARQUÍA (753-509 a.C.)

A palabra *exercitus* alude á condición de “exercitados” ou “preparados” que deben ter os cidadáns para defender á comunidade. Durante esta época, o mando está depositado no rei, e a base do reclutamento, nos inicios, estivo na estructuración social en tribus (ao comezo, só de patricios):

TRIBU DOS *RAMNES* (100 *gentes, 1.000 familias*	TRIBU DOS *TITIES* (100 *gentes*, 1.000 familias)	TRIBU DOS *LUCERES* (100 *gentes*, 1.000 familias)
100 *equites* (soldados de a cabalo), aportados por cada unha das *gentes* ou familias cun	100 *equites* (soldados de a cabalo), aportados por cada unha das *gentes* ou familias cun	100 *equites* (soldados de a cabalo), aportados por cada unha das *gentes* ou familias cun
1.000 *milites* (soldados de a pé), aportados por cada familia	1.000 *milites* (soldados de a pé), aportados por cada familia	1.000 *milites* (soldados de a pé), aportados por cada familia

Á cabeza dos soldados de a pé está o *tribunus militum*, mentres do mando dos cabaleiros ocúpase o *tribunus celerum* (*celer, -is, -e*: “lixeiro, rápido”). En total, o exército romano primitivo constaba de 3.300 soldados

O progreso económico de Roma aconsellou ao rei Servio Tulio (578-535 a.C.) establecer unha división social baseada no patrimonio de cada quen, da que se derivaban responsabilidades para o pago de impostos e o servizo militar. A organización serviana do exército era como segue:

CLASE	ARMAMENTO	BASE DE AGRUPAMENTO
1ª (> 100.000 ases)	Cabalo e coiraza	CENTURIA Compañías de 100 soldados mandados por un centurión. Distribuíanse por idade: *iuniores* (17 a 40 anos) e *seniores* (máis de 40 anos)
2ª e 3ª	Infantería pesada (*milites*)	
4ª e 5ª	Infantería lixeira (*velites*)	
6ª	*Accensi velati*: non tiñan armas, pero ían cubrindo as baixas	
7ª (< 1.500 ases)	*Proletarii*: exentos do servizo	

No mundo antigo era moi eficaz a formación en falanxe, que implicaba un mantemento firme das liñas, co obxecto de ofrecer ao inimigo unha resistencia insuperable, baseada no apoio mutuo dos soldados en cadansúa ringleira. Na época da monarquía, a disposición era esta:

4 liñas de infantería pesada (3.000)	---------- ---------- ----------
3 liñas de infantería lixeira (1.200)	---------- ---------- ----------
1 liña de cabalería, con movemento aútónomo (300)	<<<<<<<<<<>>>>>>>>>>>

Ao exército así constituído tamén se lle chama *legio* (“lexión”), sustantivo relacionado cun verbo que significa “escoller”: a lexión está conformada polos escollidos, en virtude da súa capacidade económica, ata un número de 4.500 homes. Había máis, encadrados en centurias non combatentes pero esenciais: enxeñeiros, obreiros e músicos (daban os sinais na batalla)

Desde logo, era moi importante o armamento, tanto ofensivo como defensivo. As armas principais eran as seguintes:

ARMAS OFENSIVAS

Hasta e *pilum* eran dous tipos de lanzas. Na segunda o elemento de ferro é moito máis longo

Gladius: espada curta destinada á loita corpo a corpo

ARMAS defENSIVAS

A *galea* era un casco, primeiro de coiro e logo metálico

O *clipeus* era un escudo de madeira ou vimbio recuberto de bronce

A *lorica* era unha coiraza metálica para peito e lombo

A REPÚBLICA
(509 - 27 a.C.)

Polo que se refire á estructura militar, M. Furio Camilo (s. IV a.C.) trocou a forma do corpo principal da lexión: a falanxe era sólida pero pouco manobrable. Aparecen agora os manípulos (30), unidades pequenas e doadas de manexar en combate. En conxunto, situábanse deste xeito:

Hastati **(1.200: os máis novos)**
Principes (1.200: de idade intermedia)
Triarii (600: os máis veteráns)



Hastatus *Princeps* *Triarius*

Os espazos que deixa cada manípulo son, en caso necesario, completados pola seguinte liña, máis experta. Se o combate chegaba aos triarios (*res ad triarios venit*), considerábase que o perigo era grave

O réxime republicano deposita o mando do exército no cónsul, e ademais, ante o aumento de número e duración das campañas, decide introducir a paga para os soldados. A lexión chega agora ás veces ata 6.000 soldados

A facultade de reclutamento exércena os cónsules que, por regla xeral, reclaman 4 lexións por ano. Comezan a integrarse no exército, mais como corpo aparte, unidades de *socii* (“aliados”), compostas de italianos que non posúen a cidadanía romana

G. Mario (158-57 a.C.) fixo unha nova reforma, artellada en torno a tres eidos, que deixará a estructura militar romana case invariada ata a época imperial:

1. Sustitúe o manípulo pola <u>cohorte</u>, máis compacta e apta para acometidas masivas. Cada lexión incluía 10 cohortes, integradas por cinco ou seis centurias cada unha (arredor de 6.000 soldados en total)

2. Só traballa con infantería pesada (“as mulas de Mario”). Os antigos *velites* pasan a nutrirse das levas feitas nos territorios conquistados. Os *socii* intégranse no corpo principal da lexión, que toma como estandarte a aguia

3. Chama ao servizo aos *proletarii* (con promesa de paga), ata agora exentos, e ofrece a nova incorporación aos xa retirados (*evocati*), moi fieles ao xeneral

Durante o período republicano houbo certas novidades nas armas:

ARMAS OFENSIVAS

A *falarica* era unha arma que se lanzaba desde lugares elevados con lume prendido

A espada ibérica tivo moito éxito pola súa lonxitude media, que a facía moi cómoda

ARMAS defENSIVAS

Nesta época o *scutum* sustitúe ao *clipeus*. Ten unha forma máis ovoide, e está feito de madeira recuberta de tela e coiro. Tiña tamén un saínte metálico, o *umbo*

O IMPERIO

(27 a.C. - 476 D.c.)



O réxime inaugurado por Augusto depende do exército para manterse, dado o inmenso territorio que Roma controlaba. A idea dunha milicia permanente impónse, e xa non cumprirá ser cidadán romano para alistarse: quen non queira servir no exército, simplemente pagará un imposto. Iso si, os altos mandos escollíanse entre a clase senatorial

Introdúcese xa regularmente a paga (*stipendium*), que se suma ás donacións que os Emperadores farán logo dunha conquista, servíndose para iso de parte do botín (*praeda*) obtido

Pouco a pouco, a xerarquía no exército faise máis evidente, e a iso axuda a concesión de condecoracións, como estas:

Vexillum **ou estandarte**

Torque

Phalera **ou medalla que se colgaba no frente da coiraza**

A fachenda de clase estableceuse na milicia, que interveu incontables veces na deposición e proclamación de Emperadores: moitos deles foron altos oficiais

CORPO	MISIÓN	NÚMERO
GARDA PRETORIANA (*COHORS PRAETORIA*)	Guarnición de Roma e garda persoal do Emperador	Entre 9 e 12, segundo a época, cuns 500 soldados por cohorte
LEXIÓN (*LEGIO*) E CORPOS AUXILIARES (*AVXILIA*)	Protección das fronteiras (*limes*) e uns poucos puntos estratéxicos do interior	Entre 25 e 35, segundo a época, a razón de uns 5.500 homes cada unha

Durante toda a época imperial, a estructura do exército romano non variou moito da dos derradeiros anos da República, e era como ves enriba:

meios e táticas

Unha arte que dominaron especialmente os militares romanos foi a dos campamentos, tanto se eran fixos (*castra stativa*) como temporais (*castra aestiva*, para o verán; ou *castra hiberna*, para o inverno)



Logo de marcar un perímetro e circundalo cun foxo (*fossa*) e un valado *(agger*), trazábanse as rúas ortogonalmente. Ao longo delas situaríanse as tendas que servirían de aloxamento ás diferentes unidades, conforme a unha organización moi concreta (diferenciando entre rangos, oficios e corpos), que servía para manter a disciplina e tamén para poder reaccionar rapida e ordeadamente ante calquera eventualidade

Tivo sona o sitio de Alesia que forzou Xulio César no ano 52 a.C.: logo de rodear a cidade cun valado de 16 km., tivo que enfrontarse a un bloqueo exterior dun exército galo que viña en axuda dos seus veciños



O exército de Roma tamén perfeccionou moito as técnicas de asedio

Unha obra imprescindible en calquera bloqueo dunha cidade é o terraplén que se elevaba fronte aos cercados, no que se emprazaban grandes armas ofensivas como catapultas e arietes



Con todo, nin este exército tan poderoso puido resistir eternamente, xa que cando un Estado se descompón no seu interior non é quen de sosterse gracias á potencia dunhas armas necesariamente tan minguadas coma el. Mais tamén é certo que as forzas armadas xermanas que o derrotaron foron á súa vez vencidas por outros exércitos… e nesas aínda seguimos

O EXÉRCITO ROMANO

Por desgracia, a quienes a un fenómeno históricamente fundamental, a pesar de que ya como resultado de simplificaciones previas sea difícil, o nunca sabremos recorrer su vía en toda su historia, nace amnesia y superstición, que pueden convertirse en tema que, en cierto modo, es el que va construyendo en la obra Romana de Alexander un papel fundamental, y podemos decir que que un tema o estilo que, más en la grieta en eficaz lucha de períodos de tiempo no extenso, y como romanza. Hasta en sentido versemos como estilo orgánica o las diversas fases de la historia de Roma.

A Monarquía (753-509 a.C.)

A palabra *exercitus* alude á condición de "exercitados" ou "preparados" que deben ter os cidadáns para defender á comunidade. Durante esta época, o mando está depositado no rei, e a base do reclutamento, nos inicios, estivo na estructuración social en tribus (ao comezo, só de patricios):

TRIBU DOS *RAMNES* (100 *gentes*, *1.000 familias*	TRIBU DOS *TITIES* (100 *gentes*, 1.000 familias)	TRIBU DOS *LUCERES* (100 *gentes*, 1.000 familias)
100 *equites* (soldados de a cabalo), aportados por cada unha das *gentes* ou familias cun	100 *equites* (soldados de a cabalo), aportados por cada unha das *gentes* ou familias cun	100 *equites* (soldados de a cabalo), aportados por cada unha das *gentes* ou familias cun
1.000 *milites* (soldados de a pé), aportados por cada familia	1.000 *milites* (soldados de a pé), aportados por cada familia	1.000 *milites* (soldados de a pé), aportados por cada familia

Á cabeza dos soldados de a pé está o *tribunus militum*, mentres do mando dos cabaleiros ocúpase o *tribunus celerum* (*celer, -is, -e*: "lixeiro, rápido"). En total, o exército romano primitivo constaba de 3.300 soldados

O progreso económico de Roma aconsellou ao rei Servio Tulio (578-535 a.C.) establecer unha división social baseada no patrimonio de cada quen, da que se derivaban responsabilidades para o pago de impostos e o servizo militar. A organización serviana do exército era como segue:

CLASE	ARMAMENTO	BASE DE AGRUPAMENTO
1ª (> 100.000 ases)	Cabalo e coiraza	**CENTURIA** Compañías de 100 soldados mandados por un centurión. Distribuíanse por idade: *iuniores* (17 a 40 anos) e *seniores* (máis de 40 anos)
2ª e 3ª	Infantería pesada (*milites*)	
4ª e 5ª	Infantería lixeira (*velites*)	
6ª	*Accensi velati*: non tiñan armas, pero ían cubrindo as baixas	
7ª (< 1.500 ases)	*Proletarii*: exentos do servizo	

No mundo antigo era moi eficaz a formación en falanxe, que implicaba un mantemento firme das liñas, co obxecto de ofrecer ao inimigo unha resistencia insuperable, baseada no apoio mutuo dos soldados en cadansúa ringleira. Na época da monarquía, a disposición era esta:

4 liñas de infantería pesada (3.000)	---------- ---------- ----------
3 liñas de infantería lixeira (1.200)	---------- ---------- ----------
1 liña de cabalería, con movemento autónomo (300)	<<<<<<<<<<<>>>>>>>>>>>>

Ao exército así constituído tamén se lle chama *legio* ("lexión"), sustantivo relacionado cun verbo que significa "escoller": a lexión está conformada polos escollidos, en virtude da súa capacidade económica, ata un número de 4.500 homes. Había máis, encadrados en centurias non combatentes pero esenciais: enxeñeiros, obreiros e músicos (daban os sinais na batalla)

Desde logo, era moi importante o armamento, tanto ofensivo como defensivo. As armas principais eran as seguintes:

ARMAS OFENSIVAS

Hasta e *pilum* eran dous tipos de lanzas. Na segunda o elemento de ferro é moito máis longo

Gladius: espada curta destinada á loita corpo a corpo

ARMAS defensivas

A *galea* era un casco, primeiro de coiro e logo metálico

O *clipeus* era un escudo de madeira ou vimbio recuberto de bronce

A *lorica* era unha coiraza metálica para peito e lombo

A REPÚBLICA
(509 - 27 a.C.)

Polo que se refire á estructura militar, M. Furio Camilo (s. IV a.C.) trocou a forma do corpo principal da lexión: a falanxe era sólida pero pouco manobrable. Aparecen agora os manípulos (30), unidades pequenas e doadas de manexar en combate. En conxunto, situábanse deste xeito:



Os espazos que deixa cada manípulo son, en caso necesario, completados pola seguinte liña, máis experta. Se o combate chegaba aos triarios (*res ad triarios venit*), considerábase que o perigo era grave

O réxime republicano deposita o mando do exército no cónsul, e ademais, ante o aumento de número e duración das campañas, decide introducir a paga para os soldados. A lexión chega agora ás veces ata 6.000 soldados

C. Mario (156-87 a.C.) ordenou uma nova reforma militar, centrada no reforço do exército, que alterará a estrutura militar romana caracterizada até a época imperial.

- Substitue o antigo sistema de cohorte, mais complexo e apta para operações móveis, por uma legião formada por cohortes, subdivididas por centurias e estas por manípulos (arredor de 4000 homens en total).
- Ademais, traballa con unha forza pesada ("manípulos de ferro"). Os soldados de a pazan a outrisedade, xa feitas nos territorios conquistados; os soldados integranse no corpo principal da lexión, que toma como estandarte a águia.
- Chama ao serviço aos *proletarii* (compromisos de paga), ata agora exentos, e xa retirados (veteranos) fiel fieles ao xefe de

ades nas armas:

ARMAS defENSIVAS

Nesta época o *scutum* sustitúe ao *clípeus*. Ten unha forma máis ovoide, e está feito de madeira recuberta de tela e coiro. Tiña tamén un sainte metálico, o *umbo*

ENSIVAS

A espada ibérica tivo moito éxito pola súa lonxitude media, que a facía moi cómoda

O IMPERIO
(27 a.C. - 476 D.c.)



O réxime inaugurado por Augusto
ampliará o exército para manterse, dado
o inmenso territorio que Roma
controlaba. A idea dunha milicia
permanente, leonense, e xa non cumprirá
os requisitos xerais para alistarse: quen
non quiera servir no exército,
simplemente pagará un imposto. Iso si,
os altos mandos escolliánse entre a clase
senatorial

Introdúcese xa regularmente a paga
(*stipendium*) que se suma ás
donacións dos Emperadores
farán logo da súa conquista,
sendo dos seus de parte do botín
(*praeda*) obtido

Pouco a pouco, a xerarquía no exército faise máis evidente, e a iso axuda a concesión de condecoracións, como estas:

Torques

Vexillum ou estandarte



Phalera ou medalla que se colocaba na frente da coraza

CORPO	MISIÓN	NÚMERO
GARDA PRETORIANA (*COHORS PRAETORIA*)	Guarnición de Roma e garda persoal do Emperador	Entre 9 e 12, segundo a época, cuns 500 soldados por cohorte
LEXIÓN (*LEGIO*) E CORPOS AUXILIARES (*AVXILIA*)	Protección das fronteiras (*limes*) e uns poucos puntos estratéxicos do interior	Entre 25 e 35, segundo a época, a razón de uns 5.500 homes cada unha

Durante toda a época imperial, a estructura do exército romano non variou moito da dos derradeiros anos da República, e era como ves enriba:

meios e táticas



Logo de marcar un perímetro e circundalo cun foxo (*fossa*) e un valado *(agger)*, trazábanse as rúas ortogonalmente. Ao longo delas situaríanse as tendas que servirían de aloxamento ás diferentes unidades, conforme a unha organización moi concreta (diferenciando entre rangos, oficios e corpos), que servía para manter a disciplina e tamén para poder reaccionar rapida e ordeadamente ante calquera eventualidade.

Tivo sona o sitio de Alesia que forzou Xulio César no ano 52 a.C.: logo de rodear a cidade cun valado de 16 km., tivo que enfrontarse a un bloqueo exterior dun exército galo que viña en axuda dos seus veciños



Unha obra imprescindible en calquera bloqueo dunha cidade é o terraplén que se elevaba fronte aos cercados, no que se emprazaban grandes armas ofensivas como catapultas e arietes



Con todo, nin este exército tan poderoso puido resistir eternamente, xa que cando un Estado se descompón no seu interior non é quen de sosterse gracias á potencia dunhas armas necesariamente tan minguadas coma el. Mais tamén é certo que as forzas armadas xermanas que o derrotaron foron á súa vez vencidas por outros exércitos… e nesas aínda seguimos